

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

### O aeroxel


No ano 2013, un grupo de científicos chineses conseguiu crear artificialmente o material máis lixeiro do mundo ata o momento: o aeroxel.

Este material resulta tan lixeiro que un bloque de aeroxel pode colocarse sobre unha flor sen que consiga dobrar os seus pétalos. Imaxina un anaco de cortiza branca que se usa nas embalaxes. Pois un anaco de aeroxel do mesmo tamaño pesa cinco veces menos.

De feito, e aínda que sexa sólido, parécese máis a un gas. Ademais, pode esmagarse e comprimirse o que se queira e sempre recupera a súa forma inicial.

Outra curiosa característica do aeroxel é que se comporta como unha superesponxa co aceite, e é capaz de absorber ata novecentas veces o seu propio peso.


A razón para que o aeroxel se comporte así é que, aínda que parece un material denso a primeira vista, en realidade está formado por unha rede de millóns de minúsculos espazos que o aire, ou un líquido, pode ocupar.



#### 1 Completa as oracións.

- O aeroxel foi creado por un grupo de científicos \_\_\_\_\_ no ano \_\_\_\_\_.
- A cortiza branca das embalaxes pesa \_\_\_\_\_ veces máis ca o aeroxel.
- O aeroxel compórtase coma unha \_\_\_\_\_ e pode absorber ata \_\_\_\_\_ veces o seu propio peso.
- A estrutura do aeroxel está formada por millóns de diminutos \_\_\_\_\_.

**2** Fai un debuxo da estrutura do aeroxel tal como a imaxinas a partir do que liches no texto.



**3** Tendo en conta o que explica o texto, inventa algunha aplicación para este material.

---

---

---

---

**4** No texto afírmase que o aeroxel se comporta, nalgúns aspectos, como un gas. Tamén di que pode actuar como unha superesponxa. Explica estas afirmacións.

---

---

---

---

---

---